XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZASEIS DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: **SR ALCALDE-PRESIDENTE:** JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dezaseis de xuño de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. O ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO INEGA PARA A CREACIÓN, MELLORA E AMPLIACIÓN DE PEQUENAS INFRAESTRUCTURAS MEDIANTE PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ADMINISTRACIÓN LOCAL.**.- Vista a proposta formulada que di asi: O Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), considera que a promoción do desenvolvemento rural galego deber abordarse dende unha perspectiva integral, dando apoio a iniciativas con fins de aforro enerxético Dende esta visión este organismo xestiona e tramita liñas de subvencións co gallo de conseguir unha maior eficiencia enerxética no ámbito da Administración Local.

Así o INEGA mediante Resolución de 10 de maio de 2016, aproba as bases reguladoras de subvenció ns para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante Proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración Local.

A vista da devandita convocatoria, este Concello redacta os proxectos de Reforma de iluminación pública na rúa Ares e Reforma de iluminación pavillón polideportivo de As Lagoas,

O financiamento dos traballos foi fiscalizado polo departamento de Intervención de Fondos, o día 15 de xuño do ano que estamos a correr.

Por todo o exposto, esta Alcaldía, ven **PROPOÑER**:

PRIMEIRO.- Solicitar unha subvención ao abeiro da devandita Resolución do 10 de maio de 2016 do INEGA para a xestión dos proxectos de reforma da iluminación pública en R/ Ares, cun orzamento de 49.871,44 euros e Pavillón polideportivo de As Lagoas presupostado en 10.544,06

SEGUNDO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas bases reguladoras. Do que resulta o seguinte cadro de financiamento

Instalacións	Achega do INEGA	Achega do Concello Narón
Reforma da Iluminación Pública R/Ares	37.091,96 €	12.779,48 €
Reforma da Iluminación na Polígono Polideportivo As Lagoas	7.908,04 €	2.636,02 €
TOTAIS	45.000,00 €	15.415,50 €

TERCEIRO.- A achega municipal será financiada con cargo á partida 18/16500 21000. A efectividade do crédito para tal fin, estará condicionada á tramitación do correspondente expediente de modificación de crédito, unha vez se conceda a subvención.

CUARTO.- Comprometerse a execución das instalacións e á aplicación dos fondos que puidéramos recibir aos fins propios da subvención.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS POR ACOMETIDAS, CON SOLICITUDE E SEN SOLICITUDE, DO RURAL EXECUTADAS NAS PARROQUIAS DE BALTAR, CRUCEIRO E VILACORNELLE..**.- A empresa COSMA SA, con CIF A-15843246, presentou a relación de acometidas, **con solicitude e sen solicitude**, do rural, executadas nas parroquias de Baltar, Cruceiro e Vilacornelle, e a Xunta de Goberno así as aprobou.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN PADRÓN AUGA, SANEAMENTO, CANON DE SANEAMENTO, ALUGUER DE CONTADORES E LIXO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO ANO 2016.**.- Vista a proposta formulada que di asi: Unha vez confeccionado, pola Compañía de Servizos Medioambientais do Atlántico (COSMA) o padrón de contribuintes por auga, saneamento, canon de auga, aluguer de contadores e lixo, correspondente ao segundo trimestre do ano 2016, proponse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

1.-Aprobar o padrón de contribuintes por auga, saneamento, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao segundo trimestre do ano 2016, que comeza por "1906 S.C" e remata por "Zoila Castro de Blas", cos seguintes importes:

AUGA	394.454, 97 euros
SANEAMENTO	232.247, 89 euros
CANON DE AUGA	138.851, 22 euros
ALUGUER DE CONTADOR	8.596,14 euros
IVE	64.507,19 euros
LIXO	704.886, 61 euros

TOTAL **1.543.544, 02 euros**

2.- De acordo co disposto no artigo 75 da Ordenanza Fiscal Xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto ao público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP da Coruña. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do artigo 102 da Lei xeral tributaria.

3.- Durante dito prazo os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer contra o mesmo, e perante a Xunta de Goberno Local, o recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985.

4.- O prazo de ingreso en período voluntario será de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación do Edicto de exposición pública no BOP da Coruña. Transcorrido o prazo indicado, iniciarase o período executivo, que determina o devengo do recargo de prema e dos xuros de mora, de acordo co previsto na Lei xeral tributaria.

5.- A falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuinte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

FÓRA DA ORDE DO DÍA e previa declaración de urxencia, de conformidade co art. 83 do R.D. 2568/1986 a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incluí-lo seguinte asunto:

A/ PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTIDO DAS FUNCIÓNS DO POSTO DE XEFE/A SERVICIO DE INTERVENCIÓN E FACENDA..- Vista a proposta formulada que di asi: Visto o expediente de modificación puntual de posto de traballo, relativo ao posto (03.01.A001) de Xefe de Servizo de Intervención e Facenda no que constan a memoria da xefatura da área; o Informe-proposta da Xefatura de servizo de Organización e Recursos Humanos; a acta de valoración da comisión de valoración de postos de traballo e e o acordo favorable da Mesa de Negociación de data 15 de xuño de 2016.

Visto que a modificación proposta pola comisión de modificación do contido do posto e valoración non supera o 30% das función e da valoración total do mesmo, dándose asi a circunstancia prevista no apartado 5º do artigo 24 do regulamento de postos de traballo do Concello de Narón aprobado polo Concello Pleno de data 28 de xaneiro de 2011 e que textualmente dí" *5º .- si por necesidades urxentes da organización, proponse unha adaptación puntual de postos que non afecte ao contido esencial dos mesmos, de tal xeito que quede non resulte afectado o nivel, grupos de acceso, réxime do posto, ou que a modificación proposta afecte a menos do 30% das tarefas establecidas na folla de representatividade, e a menos do 30% do total dos puntos de valoración do específico, será aprobada pola Xunta de Goberno Local e aplicada provisionalmente ata a súa ratificada polo Concello Pleno, que poderá realizarse con*

*ocasión da actualización anual de Postos de Traballo" E*sta Alcaldía, propón a esa xunta de goberno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar o contido das funcións do posto engadindo: as funcións *de coordinación da redacción de marcos e plans orzamentarios; coordinación do formulación orzamento anual; tratamento e elaboraciónd e información economica para a súa publiación; analise de procesos e procedementos de xestión electronica e redacción de plans economico-financeiros de carácter complexo*
SEGUNDO.-Modificar a valoración do posto (03.01.A001) resultando unha valoración final do seguinte xeito:

CODIGO	POSTO	PUNTOS	VALORACION ACTUAL									
			TITU	**ESPE**	**MAND**	**REPE**	ESIN	ESFI	PEN	PER	XOR	DED
03.01.A001	XEFE/A SERVICIO INTERVENCION E FACENDA	537	**169**	**87**	**177**	**33**	71	0	0	0	0	0

TERCEIRO-Notificar o presente acordo áo servizo de Recursos Humanos; a Intervención Municipal e ao funcionario titular do posto aos efectos oportunos.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:15 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.
V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.- JOSE M. BLANCO SUÁREZ

O SECRETARIO XERAL

Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI